

Grao en Enxeñaría da Enerxía

Este grao, aínda que non capacita para profesión regulada, pretende formar enxeñeiros e enxeñeiras graduado/as con incorporación directa nos diferentes sectores da industria da enerxía, dende a produción, pasando pola transformación, ata o seu uso e xestión. Por iso, presenta dúas especialidades:

Tecnoloxías enerxéticas: pretende fornecer a formación adecuada e de alto nivel aos futuros/as profesionais que van exercer na área da enxeñaría dos procesos enerxéticos (xeración e aplicación).

Eficiencia enerxética: pretende fornecer a formación precisa para desenvolver tecnoloxías e sistemas eficientes e sostíbeis.

Datos básicos da titulación

Número de prazas de novo ingreso: 50

Modalidade do ensino: presencial

Duración dos estudos: 4 cursos académicos

Número de créditos: 240 créditos ECTS

- Formación básica: 60
- Obrigatorias: 108
- Optativas: 60
- Traballo de fin de grao: 12

Para máis información

Web: minasyenergia.uvigo.es

E-mail: eme.negociado@uvigo.gal

Teléfono: 986 812 205

Benvinda aos estudantes de primeiro no curso 2018-2019



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría de
Minas e Enerxía
Campus universitario
36310 Vigo (España)

Tel.: 986 812 205
minasyenergia.vigo.es
eme.negociado@uvigo.es



Centro certificado
FIDES AUDIT

uvigo.gal



GRAO

Enxeñaría da Enerxía



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría
de Minas e Enerxía

Perfil de alumnado de novo ingreso

Interese por cursar uns estudos de enxeñaría relacionados especificamente cos recursos enerxéticos e coa súa transformación, desde a xeración de enerxía ata o seu transporte, utilización e xestión. A través deste grao acadarase unha formación precisa para desenvolver tecnoloxías, procesos e sistemas eficientes e sustentables.

Desenvolve a túa vida profesional combinando o traballo técnico de gabinete coa práctica real de campo!

Formación

Este grao fornece a instrución adecuada e de alto nivel aos futuros/as profesionais que exercerán na área da enxeñaría dos procesos enerxéticos desde a xeración de enerxía ata as súas distintas aplicacións. Ademais, obterán a formación precisa para desenvolver tecnoloxías e sistemas eficientes e sustentables. Así, céntrase a súa formación nos procesos que teñen lugar desde a xeración ata o nivel do usuario/a do servizo da enerxía eléctrica ou térmica final. É dicir, procesos e máquinas, e a súa organización, xestión e custos como profesionais do presente e do futuro da enerxía.

Acceso e admisión

- Bacharelato coa PAU superada. Recomendado: científico-técnico
- Ciclos formativos de grao superior
- Proba de acceso para maiores de 25, 40 ou 45 anos
- Titulación universitaria previa



Saídas profesionais

A persoa graduada en Enxeñaría da Enerxía poderá desenvolver a súa actividade profesional nalgún dos seguintes sectores industriais:

Enerxías renovables: xeotermia, enerxía solar, biomasa, enerxía eólica, enerxía hidráulica, etc.

Enerxías renovables incipientes: enerxía mareomotriz, enerxía undimotriz etc.

Aforro e eficiencia enerxética. Coxeración.

Centrais térmicas e hidroeléctricas.

Novas tecnoloxías enerxéticas. Biocombustibles, pilas de combustible etc.

Xeración, transmisión e conversión da enerxía térmica.

Xeración, transporte e utilización da enerxía eléctrica.

Auditoría enerxética.

Combustibles convencionais: gas, petróleo, carbón etc.

Distribución temporal das asignaturas

1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		
1º semestre	2º semestre	3º semestre	4º semestre	5º semestre	6º semestre	7º semestre	8º semestre	
						TECNOLOXÍAS ENERXÉTICAS (*)	EFICIENCIA ENERXÉTICA (*)	
Física: Física I	Física: Física II	Electrotecnia	Xeomática	Transmisión de calor aplicada	Enxeñaría nuclear	Utilización da enerxía eléctrica	Enxeñaría de sistemas e control	Proxectos
Matemáticas: Cálculo I	Matemáticas: Cálculo II	Física: Sistemas térmicos	Tecnoloxía ambiental	Operacións básicas e procesos de refino, petroquímicos e carboquímicos	Tecnoloxía eléctrica II	Tecnoloxía frigorífica e climatización	Xestión da enerxía térmica	Optativa
Matemáticas: Álgebra lineal	Informática: Estatística	Tecnoloxía de materiais	Enxeñaría mecánica	Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable	Instalacións de enerxías renovables	Tecnoloxía de combustibles alternativos	Xestión da enerxía eléctrica	Optativa
Química	Empresa: Dirección e xestión	Resistencia de materiais	Mecánica de solos	Tecnoloxía eléctrica I	Recursos: instalacións e centrais hidráulicas	Enerxías alternativas fluidodinámicas	Teconoloxía electrónica	Traballo de fin de grao
Expresión gráfica	Xeoloxía	Mecánica de fluídos	Termodinámica e transmisión da calor	Motores e turbomáquinas térmicas				
30 ECTS	30 ECTS	30 ECTS	30 ECTS	30 ECTS	30 ECTS	30 ECTS	30 ECTS	30 ECTS

(*) Durante o sétimo semestre (cuarto curso), o alumnado ten que optar por unha das dúas especialidades ofertadas no grao



Ofértase a posibilidade de cursar 63 ECTS en inglés.

Mobildade estudantil: convenios con universidades nacionais (programa Sicue), europeas (Erasmus+), EUA (ISEP) e outras universidades internacionais (convenios bilaterais).

Prácticas externas extracurriculares: múltiples convenios con empresas de sectores relacionados coa titulación e coa profesión.

Plan de mentorización: programa de apoio e de guía ao alumnado de novo ingreso por parte de estudantes de cursos superiores. Trabállanse competencias de presentación oral, traballo en grupo, intelixencia emocional, liderado, adestramento personalizado (*coaching*), técnicas de estudo etc.

Saídas de campo: organización de múltiples visitas a explotacións e a instalacións industriais: plantas de xeración eléctrica (renovables e convencionais), centros de transformación, instalacións de empresas destacadas no sector etc.

Asociacións estudantís: asociacións e grupos liderados por alumnado propio da EEME: delegación de alumnado, asociación deportiva, Foro Tecnolóxico de Emprego, Asociación de Enxeñeiros da Enerxía...

Organización de talleres, charlas, cursos e concursos: Aula Aberta á Tecnociencia, soporte lóxico (software) específico, participación en xornadas divulgativas (Xeolodía, mes cultural de Santa Bárbara...), concurso de restauración sostible de espazos mineiros, concurso de fotografía Enfoca.rme, concurso Constrúe e compite co teu equipo mineiro, etc.